

RESUME BIOGRÁFICO:

Pepe Galán (A Coruña 1955). Iníciase na pintura a vez que experimenta con outros soportes como a serigrafía, o gravado, a fotografía e o vídeo, medios que son compartidos co seu traballo escultórico.

Concorre en Feiras e exposicións nacionais e internacionais. Europa e Estados Unidos supónlle un importante contacto coas diferentes opcións artísticas, históricas e contemporáneas.

Partícipe e cofundador respectivamente de “A Galga” e “Gruporzán”.

Representante da xerazón que se dá a coñecer na década dos oitenta, tras comeza-la súa experimentación plástica na inmediatamente anterior.

Galán irá creando unha obra que transita por distintas etapas: o tecido en volume, o metal, materiais translucidos como plástico e cristal ou o audiovisual.

Forma parte da Comisión executiva da Asociación de Artistas AGAV, iniciando unha etapa de compromiso a prol da política cultural e social do/as artistas.

Integrase na Plataforma Burla Negra, realizando accións de activismo cultural.

Contribúe a creación da revista de arte Arnotes, de difusión internacional.

Cofundador do colectivo multidisciplinar Radio Buguina.

Deseña entre outros, os premios AGAPI 1999, para Asociación Galega de Produtoras Independentes, Escultura institucional honorífica da CRMH AC, (...) Bolseiro pola Fundación Arte e Dereito.

Dirixe obradoiros e colabora en cursos: Mariñán, Deputación da Coruña. MAC Museo de Arte Contemporánea. CEFORE Xunta de Galiza. IES Salvador de Madariaga, A Coruña. Museo de Belas Artes A Coruña. (...)

Leva a cabo instalacións efémeras na urbe, así como, en espazos naturais.

Premiado no concurso de ideas para realizar o monumento as vítimas da represión franquista en O Portiño.

Recibe diferentes encargos para espazos públicos como, esculturas e murais de grandes dimensións, executadas especialmente en aceiro cortén...

Obra Pública:

Ferroetecido en liña curva 1990 no Centro de Saúde de Cerceda, *Copa do Sol*

1994 Parque escultórico da Torre de Hércules da Coruña, *Vieiros de seu* 1999

Praza de San Domingos en Lugo, *Remando cara ao vento* 2006 Paseo Marítimo

de Neda Ferrol, ou *Mortos do Portiño* 2008 O Portiño, A Coruña.

Exposicións individuais:

Entre 1984 e 2018 efectúa múltiples exposicións persoais, parte delas son as series: *Tecido e tensión*, *Ferroetecido*, *O dentro pechado*, *Fendas e ancoras no vento*, *Para-brisa*, *Mayday*, *De onte para mañá* (retrospectiva), *Lume e ferro, a produción queimada* ou *A volta dunha ausencia* (itinerante por Galiza). *Encaixa voandeira M1 e bocetos*.

Exposicións colectivas:

A súa obra foi mostrada en, España, Portugal, Italia e Francia.

Museos, Coleccións Públicas e Privadas:

Selección; Museo Carlos Maside, Sada A Coruña. Colección Banco Exterior de España. Xunta de Galicia. Deputación da Coruña. Fondos Biblioteca Nacional Madrid. Museo de Arte Contemporánea MAC. Fundación Abanca. Museos Científicos da Coruña, Museo Belas Artes, A Coruña, Amigos dos Museos, Portas Ártabras, A Coruña (...) www.pepegalan.com